

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

Información pública

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 26 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo, respecto da proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 23 de maio de 2017 que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: cambio de denominación de rúas no casco urbano de Vimianzo e parque empresarial.

A estrada comarcal AC-552 ao seu paso polo casco urbano de Vimianzo recibe o nome de “Avenida Benito Blanco Rajoy”. Desde o goberno municipal consideramos unha obriga moral cambiar o nome desta rúa que homenaxea a quen exercíu de señor feudal mantendo o réxime medieval na parroquia de Berdoias ata o século XXI, causando prexuízos aos veciños e veciñas para adquirir as propiedades que levaban habitando e traballando desde épocas ancestrais, e que aínda hoxe en día é fonte de moitos problemas na parroquia. Aínda se lembran moitos deles das multas que pagaban ou da estancia na cárcere, por reivindicar o dereito á terra para quen a traballa, e a fin dun anacronismo histórico, que se mantivo grazas aos privilexios da familia Blanco Rajoy. Ademais, non podemos esquecer que Benito Blanco Rajoy foi un fidel e cumprido representante do franquismo. Dende o seu posto de Decano do Colexio de Avogados da Coruña contribuíu á represión entre a poboación depurando ideoloxicamente a moitos profesionais non afectos á Dictadura, expulsándoos do exercicio da súa profesión, entre outras actuacións. Cremos que non é merecedor dunha rúa na vila de Vimianzo e propoñemos que esta volva ao seu nome orixinal, Avenida de Fisterra, ao igual que o tramo da mesma estrada que remata en Ogas, na parroquia de Cambeda. Unha rúa que nace na Coruña e que se vén mantendo en continuidade con este nome, polas diferentes vilas, ata a propia vila fisterrá. Pasaría pois a denominarse Avenida de Fisterra desde a Praza da Igrexa ata Ogas, renumerando as vivendas e solares da actual Estrada de Fisterra para darlle continuidade á mesma.

O tramo de rúa que discorre desde a rúa Curros Enríquez ata a Rúa do Vilar non está contemplado no rueiro de Vimianzo dado que a urbanización desta rúa foi posterior á elaboración do mesmo. Posto que ese tramo é unha continuación da actual Rúa Rosalía de Castro, propoñemos que se continúe con esta nomenclatura neste tramo de rúa.

A rúa que comeza na rúa Trasariz e remata na zona onde se celebra o Asalto ao Castelo carece de nome, formando parte as dúas vivendas existentes da rúa Trasariz a efectos de numeración. Dado que rodea pola parte traseira a contorna do Castelo de Vimianzo, formando parte da área de influencia da fortaleza, esta rúa debería ter nome propio que refira o espazo que percorre, polo que propoñemos que pase a denominarse Rúa de Tras do Castelo.

A rúa que nace na Rúa da Torre ata o campo de fútbol, percorrendo o lateral do Castelo, ten unha singularidade especial dado que nela se celebra a festa máis singular do Concello de Vimianzo: o Asalto ao Castelo, unha festa histórica e cultural con máis de 20 anos de existencia, que se sitúa como un dos festivais musicais de referencia de Galicia. Cremos que o espazo que acolle un evento de tal magnitude debe levar o nome dese evento, dada ademais a estreita relación desta rúa coa fortaleza medieval, propoñendo que se denomine Rúa do Asalto.

A rúa que desde a AC-552 leva ao xeriátrico, mantendo a toponimia orixinal da zona, propoñemos que pase a denominarse Rúa do Prado da Torre, resolvendo deste xeito unha diverxencia nomenclaturas no enderezo dos dous edificios existentes na mesma.

O establecemento de empresas no parque empresarial de Vimianzo fai necesario establecer nomes ás rúas do polígono que na actualidade carecen de nomenclatura. Dado que o parque empresarial foi construído na ladeira do Monte Barrigoso, a proposta para nomear estas rúas é aproveitar os montes que rodean o Val de Vimianzo: Monte Barrigoso, Monte de San Bartolo, Monte da Vela, Alto da Cruz e Monte Sangue. Propoñendo que a rúa principal que nace na AC-552 sexa a que reciba o nome de Monte Barrigoso; a primeira rúa que discorre paralela á comarcal reciba o nome de Rúa do Alto de San Bartolo; a seguinte rúa paralela pase a denominarse Rúa do monte da Vela; a rúa que percorre o lateral dereito do polígono, paralela á rúa do Monte Barrigoso, sexa Rúa do Alto da Cruz e a que percorre o lateral esquerdo Rúa do Monte Sangue.

Tendo en conta que este concello carece de ordenanza municipal reguladora do cambio de denominación das rúas, e visto o disposto no art. 75 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e

Demarcación das Entidades Locais, así como o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas.

No uso das atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, elevo ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais, a seguinte proposta de **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o cambio de denominación da “Avenida Benito Blanco Rajoy”, que pasaría a denominarse “Avenida de Fisterra” desde a Praza da Igrexa ata Ogas, renumerando as vivendas e solares da actual Estrada de Fisterra para darlle continuidade á mesma.

Segundo.- Aprobar a denominación do tramo de rúa que discorre desde a rúa Curros Enríquez ata a Rúa do Vilar, que pasaría a denominarse “Rúa de Rosalía de Castro”.

Terceiro.- Aprobar a denominación da rúa que comeza na rúa Trasariz e remata na zona onde se celebra o Asalto ao Castelo, que pasaría a denominarse “Rúa de Tras do Castelo”.

Cuarto.- Aprobar a denominación da rúa que nace na Rúa da Torre ata o campo de fútbol, percorrendo o lateral do Castelo, que pasaría a denominarse “Rúa do Asalto”.

Quinto.- Aprobar o cambio de denominación da rúa que desde a AC-552 leva ao xeriátrico, mantendo a toponimia orixinal da zona, que pasaría a denominarse “Rúa do Prado da Torre”.

Sexto.- Aprobar o cambio de denominación das rúas do parque empresarial, propoñendo que a rúa principal que nace na AC-552 sexa a que reciba o nome de Monte Barrigoso; a primeira rúa que discorre paralela á comarcal reciba o nome de Rúa do Alto de San Bartolo; a seguinte rúa paralela pase a denominarse Rúa do monte da Vela; a rúa que percorre o lateral dereito do polígono, paralela á rúa do Monte Barrigoso, sexa Rúa do Alto da Cruz e a que percorre o lateral esquerdo Rúa do Monte Sangué.

Sétimo.- Someter o presente acordo a información pública polo prazo de vinte días, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados podan presentar alegacións e/ou suxestións.

Para o caso de que non se presenten alegacións e/ou suxestións, o presente acordo elevarase automaticamente a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo, unha vez sexa definitivo, aos organismos públicos correspondentes (Catastro, Instituto Nacional de Estatística, Correos, etc.) para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

O que se fai público aos efectos oportunos.

Vimianzo, a 9 de xuño de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

2017/5113